



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2017, fanse públicas as bases para a elaboración dunha lista para a cobertura temporal de auxiliares de axuda no fogar

APROBACIÓN DAS BASES PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

1º. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a elaboración dunha lista para a cobertura temporal de persoal para o servizo de axuda no fogar do Concello de Muros mediante contrato de duración determinada.

O persoal terá que desprazarse dun inmovible a outro pola súa conta. As funcións a desempeñar polas persoas candidatas son as establecidas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar, (dog 02/02/2009)

2º. Sistema de selección.

O sistema de selección será de concurso-oposición que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

3º. Requisitos das persoas aspirantes.

3.1 Para poder formar parte do proceso, será necesario que as persoas aspirantes reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 de 13 de abril do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- d) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- e) Estar en posesión do título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería, equivalente ou superior. Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou Técnico de Atención Sociosanitaria, Certificado de Profesionalidade de atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, ou equivalente (BOE nº 274 de 16/11/2015).



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

3.2 Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

4. Forma e prazo de presentación de instancias.

4.1 As persoas que desexen formar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Sra. alcaldesa do Concello de Muros que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o vindeiro día **20 de febreiro de 2017**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Muros (www.muros.gal).

4.2 A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de :

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Certificado da titulación esixida
- c) Certificado de galego, se é o caso
- d) Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 7 destas bases. A experiencia acreditarase mediante contrato laboral e vida laboral. A experiencia laboral no concello de Muros, acreditarase de oficio polo Concello.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

5º. Relación de persoas admitidas e excluídas.

Rematado o prazo de inscrición, publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, tendo as persoas aspirantes un prazo de catro días dende a publicación desta para presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de non haber reclamacións a lista provisional será definitiva.

6º. Composición do tribunal.

6.1 O Tribunal estará composto por:

PRESIDENTE: Flora Rama Formoso; suplente: Ángeles Mayo Conde

SECRETARIO: José Manuel Mayo Priegue; suplente: Noelia Louro Louro



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

VOGAL:, Inés Tajés Grille, suplente: Rosa Monteagudo Rey

6.2 Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

6.3 O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos/as que legalmente os/as substitúan.

7.-Procedemento selectivo.

7.1 As persoas aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídos no seu dereito os/as opositores/as que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

7.2 As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos. En calquera momento o Tribunal poderá requirir ás persoas opositoras para que acrediten a súa identidade.

7.3 O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 43 puntos, e que se desenvolvera como se detalla a continuación:

A. Fase de oposición:

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na realización dunha proba escrita ou tipo test de 20 preguntas relacionadas coas funcións propias da praza coa finalidade de avaliar a dispoñibilidade da persoa aspirante e a súa adecuación ao posto de traballo, así como do coñecemento da toponimia municipal. A puntuación máxima será de 20, debendo as persoas aspirantes obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

b) Segundo exercicio:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 15 minutos, dun cuestionario tipo test de 15 preguntas relacionadas co coñecemento do idioma galego.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio e a súa puntuación será de 0 a 3 puntos. Cada resposta correcta ten un valor de 0.2 puntos.

De conformidade co establecido no art. 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, quedarán exentos da realización deste exame as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 3, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente, obtendo a cualificación de apto.

7.4 Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas aspirantes que superaron cada proba, que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo os/as candidatos/as dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

B.- Fase de concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 20 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A. Experiencia Laboral

A valoración da experiencia laboral será como máximo a comprendida entre o 01/01/2011 ao 31/12/2016

No caso de ter traballado en algunha administración pública as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente

1. Por servizos prestados na administración Local, en postos de traballo de contido semellante ao da praza a que se opta no último ano 0.8 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.
2. Por servizos prestados na administración Local, en postos de traballo de contido semellante ao da praza a que se opta que non sexa no último ano 0.4 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.
3. Por servizos prestados noutras Administracións Públicas ou empresas en postos de traballo de contido análogo ou categoría semellante ao da praza a que se opta: 0,2 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

7.5 Para o caso de existir empate na puntuación final dos/as aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición. En caso de continuar o empate, polo/a aspirante de maior idade.

7.6 Rematado o proceso selectivo, o Tribunal disporá a publicación da puntuación final e da orde de cualificación dos/as aspirantes aprobados/as, a cal virá dada pola suma das puntuacións obtidas no concurso e na oposición.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

8º. Resolución.

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada persoa aspirante no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina web www.muros.gal, establecendo un prazo de catro días naturais para a presentación de reclamacións. No caso de existiren, reunirse novamente o Tribunal para resolvelas.

Estas listas empregaranse para cubrir as necesidades do Concello de cubrir postos de traballo de auxiliar de axuda a fogar. Estas estarán en vigor ata a realización doutro proceso selectivo das mesmas ou similares características, agás o proceso selectivo e contratacións realizadas en base a subvención dos programas de emprego.

O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación á alcaldesa do Concello segundo a orde de puntuación. As contratacións serán aprobadas por decreto de Alcaldía, fixando no mesmo a duración do contrato. A proposta do Tribunal, notificarase á persoa interesada para que subscriba o contrato laboral.

A comunicación da selección do/a candidato/a realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento polo traballador ou traballadora que a realiza.

Se o/a candidato/a rexeita a contratación pasará ao último posto da lista, agás que este rexeite sexa por enfermidade do aspirante, cónxuxe ou familiar de 1º grao de consanguinidade ou afinidade, en tal caso deberá acreditarlo por escrito e manterase no posto da lista ata o remate dita situación. Se un candidato rexeita tres veces un contrato sen causa xustificada, (baixa médica), será eliminado definitivamente da lista.

Se renuncian a el durante a súa vixencia, pasará ao último posto da lista. Si renuncian máis de tres veces, serán eliminados definitivamente da lista. Os/as candidatos/as que rematen o seu contrato volverán ao posto que tiñan na lista. O chamamento farase sempre empezado polo primeiro/a candidato/a dispoñible na lista

9º. Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

10º. Normativa aplicable.

O proceso selectivo rexerese polo establecido nas presentes bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

11º. Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaránse desde o seguinte día á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso- administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, poderá entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportunos.